

A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, a través da súa Comisión de Igualdade quere manifestar:

Primeiro. O seu rotundo rexeitamento á represión que está levando a cabo o goberno talibán de Afganistán privando ás mulleres e mozas do seu dereito fundamental á educación, ao prohibir o seu acceso tanto á universidade como ao ensino secundario.

Segundo. Que considera a ensinanza como un dereito fundamental de todo ser humano, que é preciso para formarse como persoa e poder formar a outros.

Terceiro. Que para que ese dereito se poida exercer é necesaria a liberdade de ensinanza e de acceso aos lugares de formación, especialmente aos centros universitarios.

Cuarto. Que ese dereito corresponde á persoa sen que se poida establecer discriminación algunha por razón de sexo.

Polo tanto queremos mostrar:

- A solidariedade coas miles de mulleres e rapazas que ven atacada a súa liberdade e os seus dereitos universais máis básicos pola única condición de ser muller, das que son mostra especialmente avergoñante as persecucións dos réximes afgáns e iraniano.
- A inqueda polo futuro das profesoras, universitarias e mozas afgás, xunto coas que agora aínda son nenas, a pesar da permanente represión que están a sufrir, vista da persecución que sofren e sobre todo diante das tímidas condenas da comunidade universitaria e o silencio da comunidade internacional

E instar ás autoridades universitarias e aos organismos nacionais, supranacionais e internacionais competentes para que adopten medidas que contribúan á protección das mulleres afgás, garantindo os seus dereitos fundamentais universalmente aceptados, e, en particular, poidan seguir educándose e contribuíndo ao desenvolvemento do coñecemento.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2023